



**ACTA NÚM. 7 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE MAIO DE 2020.  
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **28 de maio de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez (presente)  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Dona Noa Susana Díaz Varela  
Don José Javier Fernández Martínez  
Dona María Esther Pedrosa Carrete

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)  
Dona María Angeles Antón Vilasánchez  
Don José Antonio Constenla Ramos  
Don Evaristo Ben Otero  
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (presente no salón de sesións)  
Dona Beatriz Cigarrán Vicente  
Dona María Castelao Torres

**CA:**

Don Martiño Noriega Sánchez (presente no salón de sesións)  
Dona Branca Petra Novo Rey  
Don Rafael Peña Vidal  
Dona Marta Irene Lois González  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez



**BNG:**

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)

Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

**ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 27 de febreiro e extraordinarias do 2 e 7 de marzo e 24 de abril, todas deste ano 2020.**
- 2. Ratificación de inclusión dos puntos números 4 e 5 na orde do día, para ser tratados na sesión.**
- 3. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión.**
- 4. Bonificación do canon unitario de tratamento de residuos urbanos para o ano 2020.**
- 5. Modificación da base 33.2 de execución do orzamento para o exercicio 2020 e aprobación do expediente de suplemento de crédito 2020-SUPLE-01.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG para por en marcha un plan de revitalización cultural consensuado co sector.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre a elaboración dun censo detallado de persoas maiores que vivan soas.**
- 8. Proposición do grupo municipal de CA para crear unha comisión especial de estudo para impulsar un plan de rescate social en Santiago.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**



## **10. Declaración institucional do Concello de Santiago para reclamar o IVE super reducido para o sector cultural.**

## **11. Rogos, preguntas e interpelacións.**

### **Rogos:**

- Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 130.
- Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 131.
- Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 132.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 137.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 139.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 143.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 144.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 148.

### **Preguntas resposta oral:**

- Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 133.
- Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 134.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 138.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 140.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 145.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 146.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 147.
- Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 149.

## **12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:**

1. Rexistro de entrada do día 11 de maio de 2020, núm. 9.635, presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Xunta a abrir unha investigación nas residencias de maiores con falecementos por coronavirus en Santiago de Compostela, ademais de garantir medidas sociosanitarias nestes centros.
2. Rexistro de entrada do día 18 de maio 127, presentada polo grupo municipal do BNG, para a elaboración dun plan galego de reactivación económica.
3. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 135, presentada polo grupo municipal de CA, para garantir un servizo de conciliación ás familias.
4. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 136, presentada polo grupo municipal de CA, para solicitar a investigación dos falecementos nas residencias da terceira idade de xestión privada.
5. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 141, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a creación de prazas de aparcamento exprés gratuíto na zona ORA.

6. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 142, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para explorar as posibilidades de que a cidade de Santiago sexa incluída no percorrido da volta ciclista a España de 2020.

Antes de comezar o estudio dos asuntos incluídos na orde do día gárdase un minuto de silencio polas vítimas do covid-19.

Seguidamente ten lugar a intervención de Don Javier Quian Calvo, como persoa interesada con relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, na que se solicita a investigación dos falecementos nas residencias da terceira idade.

A continuación procédese á votación para a inclusión por urxencia dos seguintes asuntos, que se inclúen por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, e serán tratados a continuación do punto núm. 5 da orde do día:

**6º. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario 2020-CREXT-04.**

**7º. Aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario núm. 2020-CREXT-05.**

Tamén é declarada por unanimidade a urxencia da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para que a Xunta de Galicia investigue as causas do alto número de contaxios por coronavirus nunha residencia de maiores, presentada con data 26 de maio de 2020, núm. de rexistro 150.

Así mesmo, o punto que figura como núm. 10 na orde do día, declaración institucional para reclamar o IVE super reducido para o sector cultural foi convertida por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais. e será tratada no respectivo punto de mocións.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIAS DO 2 E 7 DE MARZO E 24 DE ABRIL, TODAS DESTE AÑO 2020.**

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes as sesións ordinaria do día 27 de febreiro e extraordinarias do 2 e 7 de marzo e 24 de abril, todas deste ano 2020.

**2. RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DOS PUNTOS NÚMEROS 4 E 5 NA ORDE DO DÍA, PARA SER TRATADOS NA SESIÓN.**

Os asistentes a sesión acordan por unanimidade a ratificación de inclusión dos 4 e 5 puntos a tratar na orde do día.

### **3. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.**

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

### **4. BONIFICACIÓN DO CANON UNITARIO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS PARA O ANO 2020.**

A proposta da concelleira delegada de medio ambiente en relación á bonificación do canon unitario do tratamento residuos, de data 25 de marzo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante resolución de data 17 de xaneiro de 2020 publicada no DOG nº15 do 23 de xaneiro de 2020, fixo público o importe do canon unitario do tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar á Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2020 que se fixa en 69,83€ mais IVE, así como do canon bonificado aplicable a dito ano que se fixa en 62,93 euros por tonelada de residuos domésticos xestionada máis o incremento do IVE. Este canon bonificado resulta aplicable ás entidades locais que cumpran no ano 2019 as condicións específicas establecidas no apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En execución das mencionadas condicións específicas, no BOP da Coruña nº 114 o Concello de Santiago publicou a aprobación definitiva do expediente 2019/01 de modificación da ordenanza fiscal 3.16 de taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que textualmente contempla:

#### ***“III) TEXTO DA NOVA DISPOSICIÓN ADICIONAL E DA DISPOSICIÓN FINAL DA ORDENANZA FISCAL 3.16 DE TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS***

*“Disposición adicional: Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que*

*supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon. O Pleno, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará: 1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación. 2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1. 3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.”*

De conformidade con esto, aos efectos de trasladar aos usuarios do servizo da tarifa incluída no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16, elaborouse un informe por parte do inspector técnico de servizos onde se determina o importe previsto de aforro do canon con Sogama como consecuencia da bonificación e a porcentaxe da débeda neta a aplicar a eses usuarios.

O contrato formalizado entre o Concello e SOGAMA se atopa actualmente prorrogado en virtude do disposto na resolución do 15 de decembro de 2014, publicada no DOG do 19/12/2014 sobre as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema de xestión de residuos domésticos xestionados por SOGAMA.

De conformidade co exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 302.326,93 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 28,12%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2020.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitiranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2021.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 302.326,93 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 28,12%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2020.

Do presente acordo darase traslado á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitiranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2021.

## **5. MODIFICACIÓN DA BASE 33.2 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2020 E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2020-SUPLE-01.**

O informe-proposta emitido con data 8 de maio do corrente ano, polo técnico da oficina de orzamentos e que ven co conforme da concelleira delegada de economía e facenda con data 8 de maio de 2020, ten o seguinte contido:

“MODIFICACIÓN DA BASE 33.2 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020 E EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2020-SUPLE-01 DE IMPORTE 3.000,00 EUROS FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN

### **I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12, 13 e 33 de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

## II. DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE

Informe proposta da xefa do servizo da área de Acción Social e a asesora xurídica de Servizos Sociais e Igualdade de 7 de maio de 2020.

Proposta da Concelleira delegada de Políticas Sociais de 7 de maio de 2020.

Resolución de 06.04.2020 da Concelleira delegada de Economía e Facenda de entrada en vigor do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2020.

Operación RC que financia o suplemento de crédito con número de operación 220200007169 e número de referencia 22020002937.

## III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 02.03.2020, aprobou inicialmente o orzamento xeral -incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2020.

No BOP nº 44, do 05.03.2020, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

No citado período non se recibiron reclamacións, considerándose definitivo o acordo inicialmente aprobado.

No BOP nº 57, do 03.04.2020, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan relativas á súa entrada en vigor, deixando constancia desta tramitación en resolución da Concelleira delegada de Economía e Facenda de 06.04.2020 que establece esta mesma data como a da entrada en vigor do orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2020.

A presente proposta de modificación da base 33.2 e de suplemento de crédito, que consta de dous acordos a adoptar, baséase no informe proposta da xefa do servizo da área de Acción Social e a asesora xurídica de Servizos Sociais e Igualdade e na proposta da Concelleira delegada de Políticas Sociais de data 7 de maio de 2020 que forma parte deste expediente:

1º.- Na base 33.2 das bases de execución do orzamento relaciónanse os beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020 na que se inclúe unha subvención nominativa a favor da Asociación Banco de Alimentos Rías Altas cun importe de 2.000,00 euros, nos seguintes termos:

| “Entidade beneficiaria                   | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                  |
|------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|--------------------------------------------------------------------------|
| ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS | G70260906        | 2.000,00     | 020-23100-4800000       | Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos Rías Altas” |

Segundo o establecido na proposta de servizos sociais que serve de base a este expediente, a entidade beneficiaria que se relaciona nas base 33.2 de subvencións nominativas BEO 2020 non

é a que pretendían financiar para que levaran a cabo o obxecto de distribución e transporte de alimentos ao Banco de Alimentos, xa que a entidade que se incluíu ten a súa sede social en A Coruña e existe outra entidade que presta este servizo e ten a súa sede en Santiago de Compostela, considerando errónea a súa proposta inicial.

Trátase de toma de acordo polo Pleno de dar de baixa na base 33.2 das Bases de Execución do Orzamento 2020 relativa á relación de beneficiarios, finalidades e importe máximos anuais das subvencións nominativas no exercicio 2020 á entidade “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS” co NIF de beneficiario “G70260906”, de importe máximo concedido de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos Rías Altas”, proponendo na súa substitución como entidade beneficiaria para esta finalidade á entidade “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” co NIF de beneficiario “G70450820”, de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”.

O importe que se quere conceder a nova entidade proposta é un máximo inicial, xa que na mesma proposta quérese aumentar esa consignación inicial de 2.000,00 euros a 5.000,00 euros a través dunha proposta de suplemento de crédito de 3.000,00 euros que se financia con baixas por anulación dunha aplicación do mesmo centro xestor 20 – 020 23100 2269900 – que establece no propio informe proposta que se pode minorar sen deterioro do resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento.

**2º.-** Unha vez se acorde polo Pleno o cambio de beneficiario detallado no punto anterior, na mesma proposta quérese aumentar a consignación inicialmente prevista como importe máximo anual de 2.000,00 euros a 5.000,00 euros.

Neste caso concreto, o expediente que se presenta a aprobación pretende complementar o crédito nunha contía de 3.000,00 euros na aplicación orzamentaria de capítulo 4 que reflicte o crédito inicial do orzamento 2020 -020 23100 4800000- para atender as subvencións nominativas recollidas na base 33.2 das BEO de 2020 do centro xestor de Servizos Sociais, co obxecto de aumentar á entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” co NIF de beneficiario “G70450820”, de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela” a un novo importe máximo anual de 5.000,00 euros para este mesmo exercicio.

Como recurso que financia este suplemento de crédito, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de suplemento de crédito finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 3.000,00 euros, no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria de actividades de servizos sociais - 020 23100 2279900 - para o cal se ten feita unha operación contable RC co número de operación 220200007169 e número de referencia 22020002937, e segundo se establece no propio informe proposta esta minoración non producirá deterioro no resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento.

Analizada a memoria xustificativa proposta pola Concellaría de Políticas Sociais que dá soporte á solicitude de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2020-SUPLE-01, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -suplemento de crédito financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O suplemento de crédito financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 4 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO                                                                                           |                     |       |         |                 |                         |                    | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN |                                                                                         |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|-------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRCIÓN                                                                                                       | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo | TIPO MC                             | DESCRCIÓN DETALLADA                                                                     | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Banco de alimentos de Santiago de Compostela" | 020                 | 23100 | 4800000 | 521.500,00      | 3.000,00                | 524.500,00         | SC                                  | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 23100 2269900 | 020                 | 23100 | 2269900 | 40.000,00       | 3.000,00                | 37.000,00          |

O cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación de beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| “Entidade beneficiaria                                  | NIF<br>Beneficiario | Importe<br>2020 | Aplicación<br>orxamentaria | Obxecto                                                                                 |
|---------------------------------------------------------|---------------------|-----------------|----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | G70450820           | 5.000,00        | 020-23100-4800000          | Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela” |

Esta proposta de modificación orxamentaria, modalidade suplemento de crédito, que afecta de novo, no relativo ao novo importe a consignar á entidade beneficiaria, á modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación da base 33.2 das BEO 2020 proposta no apartado 1º.

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL. Igual acontece coa parte da proposta de acordo relativo ao suplemento de crédito.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

#### IV. PROPOSTA

De conformidade co antedito propónse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobación da modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 20120 relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de suprimir a subvención á entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS” co NIF de beneficiario “G70260906”, de importe máximo concedido de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos Rías Altas”, propoñendo na súa substitución para esta finalidade unha subvención nominativa a favor da entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” co NIF de beneficiario “G70450820”, de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”.

**Segundo.-** Aprobación do expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-01 con base ao contido do recollido no apartado 2 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de **TRES MIL EUROS (3.000,00 euros)**, co obxecto de incrementar o importe máximo da subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS” co NIF de beneficiario “G70260906” e obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

**A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO                                                                                           |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN                                                                                                     | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Banco de alimentos de Santiago de Compostela" | 020                 | 23100 | 4800000 | 521.500,00      | 3.000,00                | 524.500,00         |

**B) Financiamento:**

| FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                        |                     |       |         |                 |                         |                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN DETALLADA                                                                      | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria<br>020 23100 2269900 | 020                 | 23100 | 2269900 | 40.000,00       | 3.000,00                | 37.000,00          |

Baixas por anulación: **3.000,00 euros**

**C) Resumo do expediente modificativo de crédito:**

| EXPRESIÓN                                           | IMPORTE    |
|-----------------------------------------------------|------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....              |            |
| 2.- Total suplemento de crédito .....               | 3.000,00 € |
| 2.- Financiamento                                   |            |
| a) Novos ingresos .....                             |            |
| b) Baixas por anulación .....                       | 3.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais |            |

**Terceiro.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 3.000,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria "ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" co NIF de beneficiario "G70450820", de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto "Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela" a un novo importe máximo anual de 5.000,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| “Entidade beneficiaria                                  | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                                 |
|---------------------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | G70450820        | 5.000,00     | 020-23100-4800000       | Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela” |

Esta proposta de modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, que afecta de novo, no relativo ao novo importe a consignar á entidade beneficiaria, á modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación da base 33.2 das BEO 2020 proposta no apartado primeiro.

**Cuarto.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Quinto.-** Estes acordos de modificación das bases de execución e de suplemento de crédito 2020-SUPLE-01 entenderase definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

Xa que logo á vista do informe proposta transcrito, o informe de intervención (Ref. 311/2020) e o acordo da Xunta de Goberno de data 18 de maio do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade de todos/as os/as concelleiros/as, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 20120 relativo á relación de subvencións nominativas no sentido de suprimir a subvención á entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS” co NIF de beneficiario “G70260906“, de importe máximo concedido de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos Rías Altas”, proponendo na súa substitución para esta finalidade unha subvención nominativa a favor da entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” co NIF de beneficiario “G70450820”, de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”.

**Segundo.-** Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-01 con base ao contido do recollido no apartado 2 do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de TRES MIL EUROS (3.000,00 euros), co obxecto de incrementar o importe máximo da subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS” co NIF de beneficiario “G70260906“ e obxecto “Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”, financiado con baixas por anulación.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO                                                                                           |                     |       |         |                 |                         |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN                                                                                                     | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Banco de alimentos de Santiago de Compostela" | 020                 | 23100 | 4800000 | 521.500,00      | 3.000,00                | 524.500,00         |

**B) Financiamento:**

| FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                        |                     |       |         |                 |                         |                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| DESCRIPCIÓN DETALLADA                                                                      | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria<br>020 23100 2269900 | 020                 | 23100 | 2269900 | 40.000,00       | 3.000,00                | 37.000,00          |

Baixas por anulación: **3.000,00 euros**

**C) Resumo do expediente modificativo de crédito:**

| EXPRESIÓN                                           | IMPORTE    |
|-----------------------------------------------------|------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....              |            |
| 2.- Total suplemento de crédito .....               | 3.000,00 € |
| 2.- Financiamento                                   |            |
| a) Novos ingresos .....                             |            |
| b) Baixas por anulación .....                       | 3.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais |            |

**Terceiro.-** Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 3.000,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria "ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" co NIF de beneficiario "G70450820", de importe concedido máximo inicial de 2.000,00 euros e co obxecto "Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela" a un novo importe máximo anual de 5.000,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

| "Entidade beneficiaria"                                 | NIF Beneficiario | Importe 2020 | Aplicación orzamentaria | Obxecto                                                                                 |
|---------------------------------------------------------|------------------|--------------|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | G70450820        | 5.000,00     | 020-23100-4800000       | Distribución e transporte de alimentos do Banco de Alimentos de Santiago de Compostela" |

Esta proposta de modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, que afecta de novo, no relativo ao novo importe a consignar á entidade beneficiaria, á modificación da base 33.2, está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor a modificación da base 33.2 das BEO 2020 proposta no apartado primeiro.

**Cuarto.-** Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

**Quinto.-** Estes acordos de modificación das bases de execución e de suplemento de crédito 2020-SUPLE-01 entenderase definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

## **6. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-04.**

En relación co asunto do epígrafe o informe proposta emitido con data 22 de maio do corrente ano polo técnico da oficina de orzamentos e que trae o conforme da concelleira delegada de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2020-CREXT-04 DE IMPORTE 10.000,00 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

### **I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

### **II. ANTECEDENTES**

Informe proposta con data de 22.05.2020 da xefa do servizo de mobilidade e seguridade e da coordinadora da Agrupación de Voluntarios da Protección Civil (AVPC)

(responsable administrativa do CX 04) co conforme do técnico de xestión e programación cultural (responsable do CX 29 que cede crédito) e proposta do Concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Festas, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-04.

Informe de 08.05.2020 da coordinadora da Agrupación de Voluntarios da Protección Civil (AVPC) (responsable administrativa do CX 04) en relación á urxente necesidade de vehículos para a AVPC de Santiago de Compostela.

Borrador de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño, dous todo terreos e un furgón.

Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200008034 e número de referencia 22020003115.

### **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-04, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de investimentos do orzamento 2020 -060 13500 6240000-, a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto do control económico e financeiro da subministración dos vehículos propostos e do seu financiamento con base no borrador de convenio que servirá de base para o seu financiamento-2020 2 VEHPC 45-, para atender ao compromiso de achega municipal que vai a adquirir o Concello no marco do convenio que se vai asinar xunto coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño, dous todo terreos e un furgón.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de 10.000,00 euros, que é coincidente co importe do compromiso de achega municipal que tería que aportar o Concello de Santiago de Compostela no marco da sinatura de convenio cuxo borrador forma parte do expediente, resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito adecuado e suficiente para atendela. O crédito figurará recollido no proxecto de gasto 2020 3 VEHPC 45 baixo a aplicación orzamentaria 060 13500 6240000.

#### **IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA**

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente de importe 10.000,00 euros, no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900, cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual, dado que a finalidade deste crédito é a de dar cobertura ás actividades do departamento de festas do Concello, actividades que se viron alteradas con motivo da pandemia xerada pola COVID-19, o que obrigou á suspensión, entre outras, das actividades que se tiñan previsto celebrar con motivo da Ascensión e para as que se dispuña de crédito no orzamento actual. Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200008034 e número de referencia 22020003115 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

#### **IV. PROPOSTA**

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario do Orzamento municipal do ano 2020 baixo o número de referencia **2020-CREXT-04**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-04 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DEZ MIL EUROS (10.000,00 euros)** para atender ao compromiso de achega municipal que vai a adquirir o Concello no marco do convenio que se vai asinar xunto coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño, dous todo terreos e un furgón, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                                        |                     |       |         |                   |           | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN |                                                                                         |                     |       |         |           |           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|-----------|-------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------|-----------|
| DESCRICIÓN                                                                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE   | TIPO MC                             | DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE   |           |
| Subministro dun vehículo todo camiño, de dous vehículos todo terreos e un furgón para o servizo de protección civil municipal | 060                 | 13500 | 6240000 | 2020 2 VEHPC 45   | 10.000,00 | CE                                  | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 10.000,00 |           |
|                                                                                                                               |                     |       |         |                   | 10.000,00 |                                     |                                                                                         |                     |       |         |           | 10.000,00 |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| DESCRICIÓN                                                                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|------------------|
| Subministro dun vehículo todo camiño, de dous vehículos todo terreos e un furgón para o servizo de protección civil municipal | 060                 | 13500 | 6240000 | 2020 2 VEHPC 45   | 10.000,00        |
|                                                                                                                               |                     |       |         |                   | <b>10.000,00</b> |

B) Financiamento:

| DESCRIPCIÓN DETALLADA                                                                   | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 10.000,00        |
|                                                                                         |                     |       |         | <b>10.000,00</b> |

Baixas por anulación: **10.000,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE     |
|---------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 10.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |             |
| 2.- Financiamento                                       |             |
| a) Novos ingresos .....                                 |             |
| b) Baixas por anulación .....                           | 10.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |             |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-04 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-04 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe-proposta transcrito, o acordo da Xunta de Goberno de 27 de maio do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-04 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un

monto global de DEZ MIL EUROS (10.000,00 euros) para atender ao compromiso de achega municipal que vai a adquirir o Concello no marco do convenio que se vai asinar xunto coa Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño, dous todo terreos e un furgón, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                                        |                     |       |         |                   | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN |         |                                                                                         |                     |       |         |           |           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|-------------------------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-----------|-----------|
| DESCRICIÓN                                                                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE                             | TIPO MC | DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE   |           |
|                                                                                                                               |                     |       |         |                   |                                     |         |                                                                                         |                     |       |         |           |           |
| Subministro dun vehículo todo camiño, de dous vehículos todo terreos e un furgón para o servizo de protección civil municipal | 060                 | 13500 | 6240000 | 2020 2 VEHPC 45   | 10.000,00                           | CE      | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 10.000,00 |           |
|                                                                                                                               |                     |       |         |                   | 10.000,00                           |         |                                                                                         |                     |       |         |           | 10.000,00 |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| DESCRICIÓN                                                                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | PROXECTO DE GASTO | IMPORTE          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|-------------------|------------------|
| Subministro dun vehículo todo camiño, de dous vehículos todo terreos e un furgón para o servizo de protección civil municipal | 060                 | 13500 | 6240000 | 2020 2 VEHPC 45   | 10.000,00        |
|                                                                                                                               |                     |       |         |                   | <b>10.000,00</b> |

B) Financiamento:

| DESCRICIÓN DETALLADA                                                                    | APLICACIÓN DE GASTO |       |         | IMPORTE          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------|---------|------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 | 060                 | 33800 | 2269900 | 10.000,00        |
|                                                                                         |                     |       |         | <b>10.000,00</b> |

Baixas por anulación: **10.000,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE     |
|---------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 10.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |             |
| 2.- Financiamento                                       |             |
| a) Novos ingresos .....                                 |             |
| b) Baixas por anulación .....                           | 10.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |             |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-04 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-04 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

## **7. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2020-CREXT-05.**

En relación co asunto do epígrafe o informe proposta emitido con data 26 de maio do corrente ano polo técnico da oficina de orzamentos e que trae o conforme da concelleira delegada de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2020-CREXT-05 DE IMPORTE 100.000,00 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

### **I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.  
Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

## **II. ANTECEDENTES**

Informe proposta con data de 26.05.2020 da técnica da área de promoción económica (responsable administrativa do CX 33) co conforme do técnico responsable do CX 38 que cede crédito e proposta do Concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-05.

Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200008104 e números de referencia 22020003152-22020003153.

## **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-05, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito en dúas aplicacións orzamentarias novas que se crean no capítulo 4 e 7 (de transferencias correntes e de capital para empresas privadas) do orzamento 2020 que se lle asignan ao CX 33 de Promoción Turística -070 43200 4790000 e 070 43200 7700000- coa finalidade de atender á vontade do goberno municipal, no contexto da nova situación sanitaria e económica xerada pola pandemia da COVID-19, da posta en marcha do Plan Marco de Reactivación do Turismo (aprobado en Xunta de Goberno Local de 29.04.2020) onde tería encaixe esta nova liña de axudas, en réxime de concorrència competitiva, vinculadas á mellora e innovación da restauración e o hospedaxe compostelá.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de 100.000,00 euros e resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito adecuado e suficiente para atender esta nova finalidade de liña de axudas non prevista no orzamento vixente.

## **IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA**

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación, por importe de 100.000,00 euros, do crédito dispoñible existente no orzamento do exercicio 2020 en dúas aplicacións orzamentarias correspondentes ao CX 38 coa codificación 070 92501 2270600 (que se vería minorada en 50.000,00 euros) e 070 92501 2279900 (que se vería minorada en 50.000,00 euros), cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente, dado que, con motivo da nova normalidade xerada pola pandemia da COVID-19, mudaron as prioridades de gasto da Concellaría sendo prescindibles as finalidades deste crédito inicialmente previstas para dar cobertura ás novas necesidades manifestadas. Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200008104 e números de referencia 22020003152-22020003153 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas -nas que se dota o crédito no capítulo 4 e 7 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

#### **IV. PROPOSTA**

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. Do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario do Orzamento municipal do ano 2020 baixo o número de referencia **2020-CREXT-05**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-05 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **CEN MIL EUROS (100.000,00 euros)** para a posta en marcha dunha nova liña de axudas, en réxime de concorrência competitiva, vinculadas á mellora e innovación da restauración e o hospedaxe compostelá no ámbito do Plan Marco de Reactivación do Turismo aprobado na Xunta de Goberno Local de 29.04.2020, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                               |                         |       |         |                   | TIPO MC | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                     |                         |       |         |                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|------------------------------|
| Descrición                                                                                           | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe MC        |         | Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe Baixas por anulación |
| Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá        | 070                     | 43200 | 4790000 | 50.000,00         | CE      | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2270600 | 070                     | 92501 | 2270600 | 50.000,00                    |
| Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá | 070                     | 43200 | 7700000 | 50.000,00         |         | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2279900 | 070                     | 92501 | 2279900 | 50.000,00                    |
|                                                                                                      |                         |       |         | <b>100.000,00</b> |         |                                                                                         |                         |       |         | <b>100.000,00</b>            |

Este expediente terá o seguinte detalle:

#### A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| Descrición                                                                                           | CX | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-------------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá        | 33 | 070                     | 43200 | 4790000 | 0,00            | 50.000,00               | 50.000,00          |
| Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá | 33 | 070                     | 43200 | 7700000 | 0,00            | 50.000,00               | 50.000,00          |

B) Financiamento:

| Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito inicial | Baixa por anulación | Crédito definitivo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------|---------------------|--------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2270600 | 070                     | 92501 | 2270600 | 140.000,00      | 50.000,00           | 90.000,00          |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2279900 | 070                     | 92501 | 2279900 | 100.000,00      | 50.000,00           | 50.000,00          |

Baixas por anulación: **100.000,00 euros**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE      |
|---------------------------------------------------------|--------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 100.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |              |
| 2.- Financiamento                                       |              |
| a) Novos ingresos .....                                 |              |
| b) Baixas por anulación .....                           | 100.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |              |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-05 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra

os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe-proposta transcrito, o acordo da Xunta de Goberno de 27 de maio do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-05 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros) para a posta en marcha dunha nova liña de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, vinculadas á mellora e innovación da restauración e o hospedaxe compostelá no ámbito do Plan Marco de Reactivación do Turismo aprobado na Xunta de Goberno Local de 29.04.2020, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

| CRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                               |                         |       |         |                   | TIPO<br>MC | FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN                                                     |                         |       |         |                                    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-------------------|------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|------------------------------------|
| Descrición                                                                                           | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe MC        |            | Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe<br>Baixas por<br>anulación |
| Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá        | 070                     | 43200 | 4790000 | 50.000,00         | CE         | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2270600 | 070                     | 92501 | 2270600 | 50.000,00                          |
| Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá | 070                     | 43200 | 7700000 | 50.000,00         |            | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2279900 | 070                     | 92501 | 2279900 | 50.000,00                          |
|                                                                                                      |                         |       |         | <b>100.000,00</b> |            |                                                                                         |                         |       |         | <b>100.000,00</b>                  |

Este expediente terá o seguinte detalle:

#### A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| Descrición                                                                                           | CX | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-------------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá        | 33 | 070                     | 43200 | 4790000 | 0,00            | 50.000,00               | 50.000,00          |
| Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá | 33 | 070                     | 43200 | 7700000 | 0,00            | 50.000,00               | 50.000,00          |

#### B) Financiamento:

| Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito inicial | Baixa por anulación | Crédito definitivo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------|---------------------|--------------------|
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2270600 | 070                     | 92501 | 2270600 | 140.000,00      | 50.000,00           | 90.000,00          |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 070 92501 2279900 | 070                     | 92501 | 2279900 | 100.000,00      | 50.000,00           | 50.000,00          |

Baixas por anulación: 100.000,00 euros

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                               | IMPORTE      |
|---------------------------------------------------------|--------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                  | 100.000,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                   |              |
| 2.- Financiamento                                       |              |
| a) Novos ingresos .....                                 |              |
| b) Baixas por anulación .....                           | 100.000,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ... |              |

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-05 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

**8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA POR EN MARCHA UN PLAN DE REVITALIZACIÓN CULTURAL CONSENSUADO CO SECTOR.**



A proposición do epígrafe presentada polo grupo municipal do BNG con data 18 de maio do corrente ano, núm. de rexistro 126, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a pór en marcha un plan de revitalización cultural consensuado co sector.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As actividades culturais previstas a partir de marzo de 2020 víronse truncadas pola covid-19 e o decreto do Estado de Alarma e nos vindeiros meses as limitacións normativas sanitarias van condicionar a súa produción. O sector cultural xa era unha peza feble en canto a precariedade e inestabilidade laboral e estaba inmerso en numerosas necesidades como as de desenvolver o Estatuto de Artista, de regularizar a afiliación á Seguridade Social, de crear un sistema fiscal acorde coa intermitencia do seu traballo e a irregularidade dos seus ingresos, de garantir unha xubilación digna ou o dereito a percibir a prestación do paro, entre outras.

Se no Estado español, o sector cultural contribúe ao 2,4% do PIB achegando en 2018 o 3,6% do emprego total e no conxunto de Galiza o sector cultural representa o 2,5% do PIB, non é unha casualidade que no concello de Santiago o sector cultural se sitúe á vangarda e supere moitos deses índices. Así, o PIB do sector cultural en Compostela é do 5,2% e Santiago é a cidade con máis emprego en actividades de Cultura.

En Santiago de Compostela hai 2.307 persoas afiliadas á Seguridade Social no sector cultural e son 494 as empresas culturais que teñen a súa sede nesta cidade, segundo datos do Informe Anual da Cultura en Santiago de Compostela 2018 elaborado polo investigador Marcos Lorenzo, polo que é de vital importancia ofrecer medidas a curto e medio prazo para o mantemento dunha actividade que debe ser entendida como un dereito básico.

Para as estruturas profesionais da cultura galega –autónom@s, micro-pemes e cooperativas sociais na súa grande maioría– trátase dun contexto non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola supervivencia. Os efectos desta crise da covid-19 poden resultar letais para boa parte dun sector cultural moi castigado polos recortes.

Así, o sector cultural compostelán reclama un plan de revitalización específico, que debe impulsar o Concello de Santiago, tendo en conta as limitacións de capacidade das salas e espazos públicos e privados, a necesidade de programar noutros lugares, sobre todo ao aire libre, así como outras medidas de seguranza e protocolos para a prevención desta doenza no curto e medio prazo.

O documento do plan de revitalización do sector cultural elaborado polo BNG coas propostas contrastadas con diversas empresas, artistas e programadores culturais que foi enviado aos grupos municipais o 5 de maio de 2020 inclúe, entre outras, as seguintes medidas que se enuncian a continuación:

1. Compromiso de reprogramación, descentralización das actividades en colaboración con outras administracións
2. Convocatoria de axudas ao sector cultural, para profesionais e asociacións, co pagamento anticipado de gasto nun 70% o 30% restante cando se desenvolvan as actividades
3. Transversalidade entre cultura, turismo, comercio, ensino e sanidade
4. Campaña de seguranza e promoción de salas de cine, museos, teatro, música, galerías de arte e artesanía
5. Plan de difusión do legado de Carlos Maside
6. Programa de actividades sobre Carvalho Calero e o Grupo Nós
7. Apoio ás librarías, editoriais, festivais e feiras do libro
8. Contratación de empresas do sector cultural compostelán e galego en festas de barrios e parroquias, nas propias festas do conxunto do Concello (25 de xullo, “festa da primavera”...) e desenvolvemento dunha programación de animación de rúa para os meses de xullo, agosto e setembro.
9. Roteiros literarios e artísticos
10. Roteiros polo patrimonio
11. Celebración da festa do Banquete de Conxo
12. Creación dun bono cultural encamiñado a estimular o consumo e deseño dunha campaña de captación de públicos e promoción da cultura local e galega
13. Xacobeo enfocado a proxectar a cultura local e galega
14. Captación de fondos para o Consorcio e reorientación de programas



Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

O Concello de Santiago de Compostela porá en marcha un plan de revitalización cultural que recolla estas e outras propostas consensuadas co sector para afianzar a programación artística e contribúa a garantir a súa viabilidade empresarial e o dereito cidadán de participar destes eventos adaptados ao contexto das consecuencias da pandemia do coronavirus.”

Unha vez rematado o debate, e despois da súa votación nominal o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda por en marcha un plan de revitalización cultural que recolla as propostas recollidas no texto da proposición, e outras propostas consensuadas co sector para afianzar a programación artística e contribúa a garantir a súa viabilidade empresarial e o dereito cidadán de participar destes eventos adaptados ao contexto das consecuencias da pandemia do coronavirus.

### **9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ELABORACIÓN DUN CENSO DETALLADO DE PERSOAS MAIORES QUE VIVAN SOAS.**

A proposición presentada con data 18 de maio do corrente ano e número de rexistro 128, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O envellecemento da poboación é unha das consecuencias relacionadas co incremento da esperanza de vida e co descenso das taxas de natalidade que se ten producido nos últimos anos nas sociedades avanzadas e tamén nos países en desenvolvemento. E o noso concello non é unha excepción.

Os cambios sociais no noso arredor nas últimas décadas e o ritmo de vida actual fixeron que cada paso sexa máis frecuente que haxa persoas de idade avanzada vivindo soas, ás veces sen ningún tipo de apoio.

Na actualidade, aínda que existen recursos públicos destinados a ese segmento da poboación, como os programas de envellecemento activo, determinadas axudas no fogar ou residencias -como a que vai construír a Xunta de Galicia no Castineiriño prevista para 120 prazas-, danse moitos casos de persoas que por diferentes motivos non se vén beneficiadas por esas accións, enfrontándose nalgúns casos a situacións de necesidade e mesmo de perigo no seu vivir diario. Unha posibilidade que recentemente se veu acrecentada pola crise sanitaria que padecemos que impuxo un confinamento prolongado.

É sabido que, fronte a alternativa do ingreso en residencias, os especialistas aconsellan como moi beneficioso a permanencia das persoas maiores nos seus contornos habituais, sempre e cando non presenten uns elevados graos de dependencia e dispoñan de medios axeitados para a súa vida diaria.

Con todo, acontece que en moitos casos non se dan esas condicións e a pesar diso existen moitas persoas que seguen a vivir soas. A súa situación adquire así unha dimensión de problema social que se pode incrementar cando se carece de arraigo na cidade ou no concello.

Nesas condicións, o illamento e a soidade poden supoñer un menoscabo importante da calidade de vida desas persoas, que se pode traducir nunha perda de autoestima ou en situacións de desamparo ao non ter a ningún proximo a quen acudir cando o precisan.

No Concello de Santiago, segundo os datos do IGE referidos a 2019, existen 21.295 persoas maiores de 65 anos (un 21,89% do total de poboación) e delas, 10.353 (10,64%) contan con máis de 75 anos. Son unhas cifras importantes que veñen medrando de forma exponencial nos últimos anos, posto que hai apenas unha década, no ano 2008, os maiores de 65 anos eran 16.370 (17,35% do total), dos que 8.327 (8,83% do total) tiñan 75 ou máis anos. É dicir, so nunha década en Santiago medraron un 5% máis de maiores de 65 anos. O noso concello é unha boa mostra dunha tendencia que fai prever que en 30 anos en Galicia 3 de cada 5 persoas terán máis de 60 anos.

Por outra parte segundo o último Censo de Poboación e Vivendas que o INE realiza cada dez anos, no ano 2011 en algo máis dun 26% dos fogares de Santiago (9.790) vivía unha soa persoa e dese número preto dun 33% (3.205 fogares) vivían persoas de 65 ou máis anos. Na actualidade, a falta da actualización deses datos do INE, estímase que a poboación maior que vive soa no noso concello podería achegarse ás 4.500 persoas. E, sen dúbida, baixo a frialdade dos números existen realidades moi diversas que é preciso coñecer e tratar de afrontar.

Unha das tarefas das institucións e dos poderes públicos é a de velar para evitar que, na medida do posible, se dean este tipo de situacións de desamparo e con ese fin as

administracións públicas dispoñen dun amplo abano de recursos para as persoas maiores, uns recursos que ás veces -mesmo en situacións extremas como as que estamos a vivir- son ignorados polos seus potenciais interesados.

Para garantir que a información sobre este tipo de medidas de apoio poida chegar ás persoas maiores do Concello e, sobre todo, para diagnosticar a necesidade da súa activación, desde o Grupo Municipal do Partido Popular propoñemos que a Administración local sexa proactiva e que sexa ela a que se dirixa a esas persoas para poñelas en coñecemento dos recursos que están á súa disposición para a mellora da calidade de vida e evitar posibles situacións de risco, como as que por desgraza se teñen dado con frecuencia noutras latitudes onde a soidade ten actuado como un desencadeamento de fatais consecuencias.

A nosa proposta, que xa fora presentada e aprobada no anterior mandato (2017) sen que nada se fixera ao respecto e sobre a que volvemos a incidir no inicio da actual crise sanitaria, pasa por elaborar un censo detallado de persoas maiores que vivan soas, no que se recollan todas aquelas circunstancias que sexan de interese para ter un coñecemento o máis exhaustivo posible das situacións, dos problemas e das posibles solucións para manter un axeitado nivel de saúde e de calidade de vida dese segmento da poboación. Evidentemente, os datos de carácter persoal que se poidan obter, deberán contar coa autorización das persoas interesadas, ser tratados con estrito cumprimento da normativa de protección de datos e ser empregados exclusivamente coa finalidade de servizo público que inspira e fundamenta esta iniciativa.

De acordo co anterior, proponse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

### **ACORDO**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a realización dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas no termo municipal, no que se especifiquen aquelas condicións e circunstancias que se consideren pertinentes, a fin de dispoñer da información máis actualizada e completa posible para subministrarlles as liñas de axudas e facilitarlles os recursos públicos dos que poidan ser beneficiarias esas persoas, contribuíndo así a unha mellora efectiva da calidade de vida nos seus fogares e evitar posibles situacións de risco.”

Rematado o debate e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a realización dun censo municipal de persoas maiores que vivan soas no termo municipal, no que se

especificuen aquelas condicións e circunstancias que se consideren pertinentes, a fin de dispoñer da información máis actualizada e completa posible para subministrarlles as liñas de axudas e facilitarlles os recursos públicos dos que poidan ser beneficiarias esas persoas, contribuíndo así a unha mellora efectiva da calidade de vida nos seus fogares e evitar posibles situacións de risco.

## **10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA CREAR UNHA COMISIÓN ESPECIAL DE ESTUDO PARA IMPULSAR UN PLAN DE RESCATE SOCIAL EN SANTIAGO.**

Con data 18 de maio do corrente ano e número de rexistro 129, o grupo municipal de Compostela Aberta presentou a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de impulsar a creación dunha comisión especial de estudo para impulsar un Plan de Rescate Social para Santiago de Compostela.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Diante da crise do coronavirus COVID-19, o grupo municipal de Compostela Aberta no Concello de Santiago mostrou, desde o inicio, un espírito propositivo, proactivo e de colaboración co goberno local. Colocando os intereses das persoas por diante dos intereses políticos ou partidarios e mostrando a nosa total disposición para acordar as medidas precisas para combater a pandemia e a súa posterior xestión. É agora centrándonos na xestión da crise, unha vez diminuída a emerxencia sanitaria que propomos formalizar esta colaboración, dentro das posibilidades que ofrece o noso regulamento orgánico, a través da creación dunha comisión especial que estude as necesidades para combater a crise social e económica. E que plasme as súas conclusións na redacción dun Plan de Rescate Social.

O artigo 121.4 do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago é o que recolle a posibilidade de crear “comisións informativas, de estudo ou proposta de carácter especial para a consulta ou seguimento dun programa, expediente ou asunto determinado cuxa importancia ou complexidade o aconselle. A súa permanencia será temporal, condicionada pola natureza da cuestión correspondente, agás o respecto do acordo para a súa creación” residindo na presidencia da corporación a potestade para a impulsar o acordo para a súa creación (art. 122). Desde o grupo municipal de Compostela Aberta, enmarcamos o traballo desta comisión como unha iniciativa institucional que coloque o público como elemento de cohesión social e de protección para as persoas máis desfavorecidas. Para isto, consideramos que é tamén unha tarefa do



Concello reforzar os dereitos sociais, os coidados e a seguridade no emprego dentro do seu marco competencial.

Nos campos que desbordan as competencias municipais consideramos que se debe instar ao Goberno galego a cooperar cos concellos e os representantes sociais de todo o tecido que traballa no ámbito dos dereitos sociais, para combater a emerxencia sanitaria e social a través dunha Mesa municipal e social galega. E ao tempo que reclamamos unha acción municipal de cogobernanza co resto de administracións, saúdamos as diferentes iniciativas que desde a sociedade civil están a tecer unha rede de solidariedade para superar cooperativamente esta crise. Iniciativa e tecido social que deben ser escoitadas e, na medida do posible, incorporadas ao Plan Municipal para a reconstrución social, a través da convocatoria dunha mesa de diálogo con representantes das centrais sindicais e do tecido empresarial e comercial da cidade para abordar a situación laboral derivada desta crise.

O Plan de rescate social, sería, polo tanto, elaborado entre toda a corporación -goberno e oposición- deseñando en común unha planificación que garanta os dereitos sociais para toda a cidadanía e en todo o termo municipal, con especial atención ás Políticas Sociais, aos coidados, á conciliación familiar, ás pequenas empresas, ao emprego, ao novo modelo de turismo, á programación cultural. Alén destes traballos, o Plan de rescate debería recoller tamén a reactivación do Plan de (re)industrialización: como medida a medio-longo prazo para termos unha menor dependencia económica dotándoo de medidas de aceleración concretas.

É o tempo da solidariedade, de preservar o traballo, de coidarnos e de coidar aos máis febles, da cogobernanza entre institucións e entre todas as formacións políticas democráticas, e de continuar no acompañamento, sempre, das orientacións das autoridades sanitarias e a comunidade científica. Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

#### **ACORDO:**

1. Instar á presidencia da corporación a crear a comisión especial do Pleno para impulsar un Plan de Rescate Social para Santiago, con unha representación proporcional de todos os grupos municipais.
2. Que unha vez creada a devandita Comisión, impulsar a Mesa de Diálogo co tecido social para vehiculizar a información, comunicación e participación co tecido social compostelán para que participen nas sesións de traballo e sexan partícipes da elaboración e implementación do Plan de Rescate Social.”



Con data 27 de maio do corrente ano e número de rexistro 152 o grupo municipal do Partido Popular presentou emenda a anterior proposición, de engadido dun novo punto 3 no acordo, co seguinte contido:

“3. A Comisión levará a cabo, como o seu primeiro traballo, unha reconsideración do vixente orzamento municipal de 2020 co fin de determinar aquelas partidas susceptibles dunha reasignación para destinalas a fins sociais e axudas económicas para reactivación do tecido comercial e empresarial do concello.”

A anterior emenda presentou emenda transaccional o grupo municipal de Compostela Aberta, solicitando mudar o contido do punto número 3, co seguinte contido:

“3. A Comisión levará a cabo, como un dos seus primeiros traballos e en paralelo ao resto, unha reconsideración do vixente orzamento municipal de 2020 co fin de determinar aquelas partidas susceptibles dunha reasignación para destinalas a fins sociais e axudas económicas para reactivación do tecido comercial e empresarial de Santiago.”

Rematado o debate, e tras ser aceptada a transaccional presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, e despois da súa votación nominal o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar á presidencia da corporación a crear a comisión especial do Pleno para impulsar un Plan de Rescate Social para Santiago, con unha representación proporcional de todos os grupos municipais.
2. Que unha vez creada a devandita Comisión, impulsar a Mesa de Diálogo co tecido social para vehiculizar a información, comunicación e participación co tecido social compostelán para que participen nas sesións de traballo e sexan partícipes da elaboración e implementación do Plan de Rescate Social.
3. A Comisión levará a cabo, como un dos seus primeiros traballos e en paralelo ao resto, unha reconsideración do vixente orzamento municipal de 2020 co fin de determinar aquelas partidas susceptibles dunha reasignación para destinalas a fins sociais e axudas económicas para reactivación do tecido comercial e empresarial de Santiago.

## **11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellaría delegadas dende o 13 de xaneiro ao 24 de febreiro de 2020 (núms. 951-2267).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 9 correspondente á sesión ordinaria do día 10/02/20.  
Acta núm. 10 correspondente á sesión ordinaria do día 17/02/20.  
Acta núm. 11 correspondente á sesión extraordinaria do día 17/02/20.  
Acta núm. 12 correspondente á sesión ordinaria do día 24/02/20.  
Acta núm. 13 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 28/02/20.  
Acta núm. 14 correspondente á sesión ordinaria do día 02/03/20.  
Acta núm. 15 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 06/03/20.  
Acta núm. 16 correspondente á sesión ordinaria do día 09/03/20.  
Acta núm. 17 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 12/03/20.  
Acta núm. 18 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 13/03/20.  
Acta núm. 19 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 14/03/20.  
Acta núm. 20 correspondente á sesión ordinaria do día 16/03/20.  
Acta núm. 21 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 18/03/20.  
Acta núm. 22 correspondente á sesión ordinaria do día 23/03/20.  
Acta núm. 23 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 25/03/20.  
Acta núm. 24 correspondente á sesión ordinaria do día 30/03/20.  
Acta núm. 25 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 02/04/20.  
Acta núm. 26 correspondente á sesión ordinaria do día 06/04/20.  
Acta núm. 27 correspondente á sesión ordinaria do día 13/04/20.  
Acta núm. 28 correspondente á sesión ordinaria do día 20/04/20.  
Acta núm. 29 correspondente á sesión ordinaria do día 27/04/20.

## **12. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA RECLAMAR O IVE SUPER REDUCIDO PARA O SECTOR CULTURAL.**

Convertida en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais.

Interrómpese a sesión cando son 19:30 horas e volve a retomarse ás 19:52 horas, coa totalidade dos asistentes, agás o señor interventor.

## **13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.**

### **Rogos:**

Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 130.

Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 131.

Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 132.

Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 137.  
Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 139.  
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 143.  
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 144.  
Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 148.

**Preguntas resposta oral:**

Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 133.  
Do grupo municipal do BNG, de data 19 de maio de 2020, núm. 134.  
Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 138.  
Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 140.  
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 145.  
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 146.  
Do grupo municipal do Partido Popular, de data 19 de maio de 2020, núm. 147.  
Do grupo municipal de CA, de data de 19 de maio de 2020, núm. 149.

**14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:**

1. Rexistro de entrada do día 11 de maio de 2020, núm. 9.635, presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Xunta a abrir unha investigación nas residencias de maiores con falecementos por coronavirus en Santiago de Compostela, ademais de garantir medidas sociosanitarias nestes centros.
2. Rexistro de entrada do día 18 de maio 127, presentada polo grupo municipal do BNG, para a elaboración dun plan galego de reactivación económica.
3. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 135, presentada polo grupo municipal de CA, para garantir un servizo de conciliación ás familias.
4. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 136, presentada polo grupo municipal de CA, para solicitar a investigación dos falecementos nas residencias da terceira idade de xestión privada.
5. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 141, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a creación de prazas de aparcamento exprés gratuíto na zona ORA.
6. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 142, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para explorar as posibilidades de que a cidade de Santiago sexa incluída no percorrido da volta ciclista a España de 2020.

A moción con rexistro de entrada do día 19 de maio de 2020, núm. 141, foi retirada antes da celebración da sesión plenaria, polo grupo municipal do Partido Popular.



As mocións presentadas polo BNG con data 11 de maio de 2020 e CA o día 19 de maio de 2020, núm. 9635 e 136, foron substituídas por unha moción conxunta dos grupos políticos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE.

A declaración institucional foi transformada en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais.

Os textos das mocións presentadas son os que a continuación se transcriben:

**MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, CA e BNG PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E AO PARLAMENTO DE GALICIA A QUE INVESTIGUE A XESTIÓN NAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE DOS CONTAXIOS E FALECIMENTOS POR CORONAVIRUS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**

En substitución das mocións presentadas polos grupo municipais do Bloque Nacionalista Galego (presentada o día 11 de maio de 2020, con número de rexistro 9.635) e Compostela Aberta (presentada o día 19 de maio, co número de rexistro 136).

Os grupos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG presentan a seguinte moción conxunta para o seu debate no Pleno da Corporación:

**Exposición de motivos:**

A actual crise sanitaria puxo en evidencia as consecuencias das políticas de austeridade e privatizadoras, no eido da sanidade e no dos coidados á terceira idade. Uns feitos que levaban anos sendo denunciados polos colectivos de persoas traballadoras e asociacións de familiares. O modelo privatizador imposto na última década provoca que a día de hoxe o 77% das prazas en residencias se xestionan desde o sector privado (segundo os datos do IGE), con un ratio de prazas en residencias do 3,05% sobre os maiores de 65 anos, moi por debaixo da media estatal. Temos, pois, unha demanda crecente de prazas e escasa oferta para atendela; oferta case inexistente se falamos de xestión pública directa.

O informe de fiscalización do Consello de Contas do ano 2015 xa alertaba que “o número de persoas que accederon a prazas residenciais a través do sistema de emerxencia social pasou de ser unha excepción a ser o sistema máis empregado para o acceso ao servizo”, ao tempo que recolle que “ademais de estar sendo privatizado, o sistema de residencias reduciu un 7,1 por cento os gastos de persoal” priorizando, así, o negocio sobre o dereito a ter unha atención de calidade. Na última década, a Xunta de Galicia tomou decisións para mercantilizar os coidados da terceira idade deixándoos en maos de empresas afíns e fondos extranxeiros.

Desde que Feijóo é presidente non se ten creado nin unha soa nova praza en ningunha residencia de xestión pública directa. E, aínda así, son estas residencias públicas de xestión directa as que, demostraron ser, fronte a covid-19, moito máis seguras para a vida que as residencias de xestión

privada. Aproximadamente o 45% das mortes en Galicia foron en residencias, e desa porcentaxe o 98% de mortes foron en residencias privatizadas.

Na nosa cidade, cos datos facilitados, dous terzos das persoas falecidas por coronavirus vivían en residencias de maiores, unha proporción desmesurada que responde á falta de contar con medios suficientes de protección, de aplicación de protocolos e de test para detectar as persoas infectadas, que se realizaron con demora e cando o persoal nin sequera podía saber se era ou non transmisor da doenza. De feito, actuaron con falta de previsión e de anticipación, cando se sabía que as residencias poderían ser principais focos de contaxio e non se puxeron todos os recursos dispoñíbeis para evitalo.

Podemos ver un exemplo extremo desta situación na enorme diferenza de falecidos entre as residencias de xestión directa pública e as de xestión privatizada, sendo o máximo contraste o existente entre a da Volta do Castro con cero falecidos e a DomusVi de San Lázaro faleceron 22 persoas (*con data de 11 de maio*), aínda que fontes dos traballadores sitúan en 55 as mortes acontecidas, o que supón máis de  $\frac{1}{3}$  dos residentes.

A pesar desta situación, das denuncias das persoas traballadoras e das peticións de familiares, a Xunta de Galicia só interveu cando o propio centro recoñeceu as súas limitacións e carencias tanto en infraestruturas, material de illamento sanitario e pandémico, métodos de detección e persoal de servizo. Cuestión pola que a propia Fiscalía ten aberto dilixencias sobre o funcionamento da residencia de San Lázaro, a partir dunha denuncia do Valedor do Paciente; e tamén a Valedora do Pobo ten iniciado unha investigación de oficio ao respecto.

As queixas sobre DomusVi non son novas, as seus traballadores/as, levan anos denunciando unha situación precaria que vai en detrimento da atención aos maiores, e nas últimas semanas alertaron da falta de medios persoais e materiais para afrontar unha crise sanitaria destas características. Deben investigarse as continuas denuncias dos colectivos de traballadoras e familiares sobre o incumprimento das normas legalmente establecidas en canto a ratios de persoal, a insuficiente calidade na alimentación e noutros servizos, o que se traducía nunha mala atención nestes centros. Debe esclarecerse a labor da inspección da Xunta de Galicia e a súa inacción diante das denuncias de incumprimentos nos ratios do persoal de atención e noutros aspectos sobre os que nin se iniciaran expedientes sancionadores. Debe esclarecerse todo o acontecido nestes últimos meses, está en xogo a dignidade das persoas e a nosa dignidade como sociedade.

Para a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, existe unha relación entre as deficientes condicións previas das residencias e a incorrecta xestión realizada pola Xunta, co elevado número de persoas afectadas, tanto entre internados/as como entre traballadores/as, que tiveron que afrontar a situación, a pesar da falta de recursos e de equipos de protección adecuados. Esta asociación denuncia tamén que as empresas que xestionan estes centros (moitas delas multinacionais e fondos de investimento), actuaron sen transparencia e sen informar adecuadamente as familias e a poboación, xerando unha grande alarma social.

As diferenzas nos contaxios e na xestión da crise do COVID-19 entre aqueles centros de xestión pública directa e as residencias privadas e concertadas pon en evidencia a necesidade de que a

Xunta de Galicia asuma a xestión e dirección dos centros en que se produzan contaxios e que o persoal e persoas usuarias destas instalacións sexan consideradas un colectivo prioritario e vulnerábel. Todo isto debería levarnos a apostar por un cambio de modelo que protexa a vida e a atención digna e de calidade aos nosos maiores como un dereito. O lucro empresarial non pode estar por riba dos dereitos. Non se trata só de mudar o cambio de titularidade de privada a pública, elemento que entendemos fundamental, senón de poñer a saúde por diante de calquera criterio económico.

Neste contexto, debemos exixir á que a Xunta garanta que a futura nova residencia, prometida hai máis de 3 anos, que se vai construír en Santiago sexa de xestión pública, porque non podemos permitir que a atención xeriátrica se entenda como un simple negocio.

Por todo o anterior, os grupos municipais PSdeG-PSOE, CA e BNG presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:

a. Crear unha Comisión de Investigación sobre a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por mor da crise da covid-19.

2. Instar à Xunta de Galicia a:

a. Presentar un informe no Parlamento de Galiza onde consten as accións realizadas até o momento nas residencias da terceira idade así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas perante posíbeis incumprimentos.

b. Dotar a todos os profesionais de equipos de protección (EPIs), e a realización de probas PCR a todo o persoal e residentes das residencias.

c. Elaborar un plano para a medicalización de forma efectiva das residencias, con criterios sanitarios, diante da posibilidade de novos rebrotes da pandemia nos vindeiros meses.

d. Garantir de medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisen.

e. Inspeccionar e avaliar o cumprimento da normativa legal vixente en todas as residencias da terceira idade e, no seu caso, revisar e rescindir os concertos ou contratos con entidades ou empresas que acumulen incumprimentos da mesma.

f. Establecer un mecanismo de acceso á información e transparencia, estábel, fiábel e diario, para as familias dos residentes. Facilitando datos do estado de ocupación e a evolución das persoas residentes.

g. Que a próxima residencia da terceira idade que se construír en Santiago de Compostela sexa de xestión pública e directa.

h. Poñer en marcha medidas para axudar as familias que están custeando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan minorados por esta situación de crise sanitaria.

i. Mudar as políticas de privatización e a camiñar cara a xestión directa dos centros socio-sanitarios de atención á dependencia.

## **MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a elaboración dun plan galego de reactivación económica.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19 vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos, serán a banca e as grandes corporacións económicas.

As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender, en gran medida, das medidas lexislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a Administración local poida despregar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas e quedarían en actuacións de beneficencia.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría a administración local sen ningunha capacidade de acción.



Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: clareza dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello en que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Esta proceso debe estar dirixido polo goberno galego e ser referendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, na representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

1. Instar a Xunta de Galiza a iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
2. Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.
3. Instar a FEGAMP e a Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

4. Manifestar a firme oposición da Corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA GARANTIR UN SERVIZO DE CONCILIACIÓN ÁS FAMILIAS**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En Santiago de Compostela a maioría do tempo dedicado ao traballo de coidados recae nas familias, principalmente nas mulleres, e de maneira non remunerada. No ano 2017 realizouse un Estudo diagnose sobre horarios e os usos do tempo en Santiago que revela que nas actividades de coidado, así como nas actividades domésticas, é onde se produce a maior fenda de xénero. O tempo medio de coidado das crianzas é superior no caso das mulleres, que ocupan unha media diaria de 6 horas e 31 minutos fronte ás 3 horas e 50 minutos que empregan os homes.

Coa irrupción da pandemia do Coronavirus, a declaración do estado de alarma e a necesidade do confinamento das persoas, a situación de desigualdade en relación aos coidados e á conciliación da vida laboral e familiar non fixo máis que empeorar. Se o traballo no mercado laboral e os coidados xa foron sempre actividades en conflito para compatibilizalas, agora en moitos casos están sendo case imposibles de conciliar, posto que están sendo simultáneas e levadas a cabo nos fogares ao longo de todo o día. A suspensión presencial da educación e a adaptación ao tele-traballo nas familias con crianzas supón un desafío inmenso e, en moitos casos, unha dificultade material para poder coidar ao tempo que se leva adiante a xornada laboral por vía telemática.

Os coidados son un pilar fundamental da sociedade. É imprescindible recoñecer os traballos de coidado pois supoñen un vector de desenvolvemento económico e democrático. A sobrecarga de traballo de coidados ten un impacto negativo na saúde física e mental, e no benestar e a traxectoria vital das persoas coidadoras. A incerteza sobre como se vai desenvolver a actividade educativa e de lecer da crianzas, así como a vida laboral das persoas, provocan unha gran presión sobre as familias e particularmente sobre as mulleres. O mundo produtivo e económico comeza o desescalamento e tómanse medidas para a reactivación económica pero, pola contra, o “mundo da vida”, aquel que sostén precisamente o mundo da economía, continúa a ser invisibilizado, sen medidas nin políticas públicas específicas que acheguen solucións ás necesidades de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Neste contexto, son necesarias e urxentes políticas de conciliación reais e efectivas, e que o reparto de tarefas sexa corresponsable entre a Administración local, a Xunta de Galicia, as empresas e as familias e non supoña novas desigualdades. Os coidados son un ben común que temos que garantir e axudar a organizar tamén dende a administración mais próxima a cidadanía: a local. Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno unha serie de medidas urxentes en materia de conciliación e garantía dos coidados recollidas no seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao órgano de Goberno correspondente a:

- a. Abrir os Centros Socioculturais e a ludoteca María Miramontes das Fontiñas cunha programación completa de actividades de conciliación lúdico-infantís para crianzas entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física e a saúde pública.
- b. Habilitar os pavillóns e instalacións deportivas cunha programación completa de actividades de conciliación deportivas para nenos e nenas entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física.
- c. Acondicionar e pór en funcionamento as Escolas unitarias do rural para a realización dunha programación de actividades de actividades de conciliación lúdico-infantís para nenos e nenas entre 6 e 12 anos, en grupos reducidos que permitan asegurar o mantemento da distancia física e a saúde pública.
- d. Elaborar un Plan de coidado e conciliación *Compostela coidadora* que incida no recoñecemento e socialización da responsabilidade do coidado coas medidas e recursos necesarios.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

- a. Constituír urxentemente unha Mesa de diálogo cos concellos para o acondicionamento dos espazos para que todos os nenos e nenas poidan ir á escola en setembro.
- b. Elaborar un Plan de choque para garantir a conciliación e os coidados das familias. Un plan que corresponsabilice as empresas xunto coa administración.
- c. Abrir os centros educativos de Infantil, Primaria e ESO con actividades lúdico-deportivas ao aire libre durante o verán que axuden á conciliación e reparto de coidados das familias.



## **MOCIÓN PARA EXPLORAR AS POSIBILIDADES DE QUE A CIDADE DE SANTIAGO SEXA INCLUÍDA NO PERCORRIDO DA VOLTA CICLISTA A ESPAÑA DE 2020**

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A principios deste mes de maio dábase a coñecer o calendario da Volta Ciclista a España para este ano 2020, despois de varias modificacións condicionadas pola situación de crise sanitaria mundial da COVID-19.

Segundo as previsións anunciadas, que foron incluídas no calendario World Tour da Unión Ciclista Internacional, a proba disputarase entre o martes 20 de outubro e o domingo 8 de novembro deste ano. Terá 18 etapas, cunha distancia total de 2.847 km, con inicio en Irún e remate en Madrid. Desas 18 etapas, tres celebraríanse en Galicia.

A chegada a Galicia de “La Vuelta” está prevista despois do remate dunha das etapas “clásicas” da rolda española por terras asturianas que culminará no Alto de l’Angliru, o domingo 1 de novembro. O luns, día 2 de novembro, o calendario marca unha xornada de descanso na provincia da Coruña, como preámbulo a outra das etapas máis espectaculares: a única contrareloj individual entre Muros e miradoiro do Ézaro en Dumbría, de 33,5 km, prevista para o martes 3 de novembro. Nas xornadas seguintes disputaranse as etapas Lugo-Ourense e Mos-Matosinhos, os días 4 e 5 de novembro, respectivamente, para atravesar despois Portugal e continuar pola cidade salmantina de Ciudad Rodrigo.

Tendo en conta estas previsións e que, tal e como fixo público recentemente o principal responsable da organización, aínda se mantén algunha incerteza sobre a plena confirmación da celebración nestas datas, o certo é que se están a ultimar os preparativos do percorrido. Esta circunstancia podería ser unha oportunidade para posicionar á cidade de Santiago nese percorrido, como punto de referencia para o descanso, o luns 2 de novembro, entre as dúas singulares etapas de l’Angliru e do miradoiro do Ézaro.

Cómpre valorar o impacto e a transcendencia mundial desta tradicional proba ciclista, que se retransmite a 190 países do mundo, cunha media de 1,5 millóns de espectadores por etapa, ademais da propia actividade que se xera ao seu paso, ao mover ao seu arredor a unhas 2.500 persoas.



Para Santiago, que xa acolleu a meta da última etapa desta proba ciclista en 1993 e 2014, a edición deste ano 2020 sería unha gran ocasión para reactivar o turismo e a hostalería, como un revulsivo tras a crise sanitaria e económica do coronavirus e tamén como unha forma de proxección para o inminente inicio do Ano Santo.

En atención a estas consideracións, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración da Corporación Municipal o seguinte;

### **ACORDO**

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a que se exploren as posibilidades de que en Santiago de Compostela se celebre a xornada de descanso prevista para o día 2 de novembro de 2020, entre as etapas 12 e 13, con remate no Alto de l'Angliru e no miradoiro do Ézaro, respectivamente, dentro do percorrido da Volta Ciclista a España que está previsto desenvolver entre o 20 de outubro e o 8 de novembro de 2020.

### **MOCIÓN DE URXENCIA PARA QUE A XUNTA DE GALICIA INVESTIGUE AS CAUSAS DO ALTO NÚMERO DE CONTAXIOS POR CORONAVIRUS NUNHA RESIDENCIA DE MAIORES EN SANTIAGO**

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN DE URXENCIA

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En toda Europa e en España as residencias estiveron entre os lugares máis afectados pola pandemia pero segundo os datos que facilitan os medios -a falta dos do Goberno central- as residencias de Galicia resistiron mellor que noutros territorios a afectación polo coronavirus. Conforme a eses datos, en España dúas de cada tres persoas falecidas con coronavirus eran usuarias de residencias; en Galicia, o impacto foi de 18 puntos menor, sendo a quinta comunidade con menos falecementos en relación ás prazas de maiores e a segunda comunidade onde menos penetrou o coronavirus nas residencias respecto ás prazas existentes.

No entanto, en Santiago de Compostela unha residencia resultou gravemente afectada, cun alto número de persoas falecidas e de persoas contaxiadas, vivíndose unha situación dramática para moitas persoas, o que explica o lexítimo empeño de persoas e familias afectadas de querer coñecer a causalidade do sucedido e de querer previr situacións eventualmente análogas.



É por iso, polo que o Grupo Municipal Popular ten a ben proporlle ao correspondente órgano de goberno do concello de Santiago o seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello Municipal de Santiago acorda dirixirse á Xunta de Galicia para:

Primeiro.- Que se investigue o sucedido na residencia de San Lázaro, de Santiago de Compostela, a fin de identificar a causalidade e trazabilidade dos contaxios e de valorar a aplicación e efectividade dos protocolos, e que se lles aclare aos afectados ou, no seu caso, aos familiares, as dúbidas que albergasen sobre a corrección ou idoneidade das pautas seguidas e se lles explique co maior detalle posible o razoamento que leve á dedución ou non dedución dalgún tipo de responsabilidade.

Segundo.- Que a fin de abordar coa maior humanización posible situacións extremas como as vividas, se siga a traballar en protocolos de comunicación e información aos familiares.

**MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA RECLAMAR O IVE SUPER REDUCIDO PARA O SECTOR CULTURAL (Substitúe á declaración institucional, que figuraba na orde do día)**

É función dos poderes públicos promover o acceso á cultura, á que deben ter dereito todas as persoas, así como facilitar a participación da cidadanía nas actividades artísticas. A cultura é tamén necesaria para crear cohesión social e representa un sector básico da nosa economía e panca de dinamización económica do sector terciario (hostalaría, turismo...) de enorme importancia no noso concello.

Coa pandemia do coronavirus constátase unha necesidade de afortalar o sector cultural, para o que cómpre adoptar medidas como a redución do IVE cultural do 10% ao 4% do mesmo xeito que se vén de realizar no libro electrónico, revistas e xornais dixitais para equiparalo ao tipo impositivo destes mesmos produtos en papel.

Representantes da industria cultural están a reclamar esta petición de redución do IVE xunto con medidas específicas para este sector, pois é obriga do Goberno amparar, protexer e promover o tecido cultural, ademais de garantir o dereito de participación por todas as persoas.

Neste sentido, a aplicación do IVE super reducido do 4% no Estado español pode favorecer o mantemento de cines, museos, teatros, concertos e espectáculos ao vivo, así como as entradas a feiras e exposicións comerciais de cultura. Debe repercutirse tamén esta baixada nos servizos desenvolvidos por persoal técnico, artístico, de dirección e de



produción de eventos culturais para que poidan retomar a súa actividade económica con maior facilidade.

Deste xeito, preténdese facilitar a democratización da cultura, que debe ser concibida non só para unha elite, mediante a redución do prezo que se paga polo seu consumo e por iso se reclama a aplicación do IVE super reducido do 4% en troques do 10% actual.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Trasladarlle ao Goberno do Estado a necesidade de considerar a aplicación do IVE super reducido do 4% a produtos, eventos, contratacións e actividades culturais para favorecer a igualdade de dereitos na participación nesta actividade e o apoio a este sector profesional, sempre que tal consideración non exclúa, consonte a criterios de equidade, unha redución semellante do IVE noutros bens, servizos e sectores de actividade produtiva -entre eles, e destacadamente, os que teñen que ver coa protección fronte ao coronavirus.

en relación ás mocións presentadas polos grupos políticos municipais, adoptou os seguintes acordos:

As mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e CA cos números de rexistro xeral 9634 e de secretaría do pleno 136, foron substituídas por unha moción conxunta dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, para instar á Xunta de Galicia e ao Parlamento a que investigue a xestión nas residencias da terceira idade, e tras a votación nominal o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:

a. Crear unha Comisión de Investigación sobre a xestión nas residencias da terceira idade dos contaxios e falecementos por mor da crise da covid-19.

2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. Presentar un informe no Parlamento de Galiza onde consten as accións realizadas até o momento nas residencias da terceira idade así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas perante posíbeis incumprimentos.

b. Dotar a todos os profesionais de equipos de protección (EPIs), e a realización de probas PCR a todo o persoal e residentes das residencias.

- c. Elaborar un plano para a medicalización de forma efectiva das residencias, con criterios sanitarios, diante da posibilidade de novos rebrotes da pandemia nos vindeiros meses.
- d. Garantir de medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisen.
- e. Inspeccionar e avaliar o cumprimento da normativa legal vixente en todas as residencias da terceira idade e, no seu caso, revisar e rescindir os concertos ou contratos con entidades ou empresas que acumulen incumprimentos da mesma.
- f. Establecer un mecanismo de acceso á información e transparencia, estábel, fiábel e diario, para as familias dos residentes. Facilitando datos do estado de ocupación e a evolución das persoas residentes.
- g. Que a próxima residencia da terceira idade que se construíra en Santiago de Compostela sexa de xestión pública e directa.
- h. Poñer en marcha medidas para axudar as familias que están custeando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan minorados por esta situación de crise sanitaria.
- i. Mudar as políticas de privatización e a camiñar cara a xestión directa dos centros socio-sanitarios de atención á dependencia.

A continuación procédese á votación da moción de urxencia presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para que a Xunta investigue as causas do alto número de contaxios por coronavirus nunha residencia de maiores en Santiago, e o Pleno da Corporación, tras votación nominal, por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, acorda dirixirse á Xunta de Galicia para:

Primeiro.- Que se investigue o sucedido na residencia de San Lázaro, de Santiago de Compostela, a fin de identificar a causalidade e trazabilidade dos contaxios e de valorar a aplicación e efectividade dos protocolos, e que se lles aclare aos afectados ou, no seu caso, aos familiares, as dúbidas que albergasen sobre a corrección ou idoneidade das pautas seguidas e se lles explique co maior detalle posible o razoamento que leve á dedución ou non dedución dalgún tipo de responsabilidade.

Segundo.- Que a fin de abordar coa maior humanización posible situacións extremas como as vividas, se siga a traballar en protocolos de comunicación e información aos familiares.

En terceiro lugar vótase a moción presentada polo grupo municipal do BNG, relativa á elaboración dun plan galego de reactivación económica, a que presentaron emendas os grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE e despois de ser aceptada a do grupo Socialista cunha transaccional, o Pleno da Corporación despois de votación nominal,



por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, e 8 votos en contra do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Instar a Xunta de Galiza a iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
2. Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.
3. E en tanto non se materialice reclamar ao goberno central a adopción e implementación de medidas de flexibilización do impacto das regras de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto no uso dos remanentes de tesourería. Estas medidas deben permitir o uso dos excedentes para gastos derivados da pandemia, e gastos de reconstrución social e económica, consonte ao acordado por unanimidade pola FEMP no seu documento do día 22 de maio de 20202.
4. Manifestar a firme oposición da Corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta relativa a garantir un servizo de conciliación ás familias, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal popular, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Diseñar, con carácter urxente, un plan de conciliación familiar destinado aos nenos e nenas entre 6 e 12 anos, habilitando os espazos municipais pertinentes como os centros socioculturais, a ludoteca María Miramontes, os pavillóns e instalacións deportivas ou as escolas unitarias do rural, entre outros posibles e determinando un programa completo de actividades lúdico-infantís e deportivas. Este plan deberá entrar en funcionamento ao final do estado de alarma ou, en todo caso, a finais do mes de xuño, para estar operativo ata o inicio do curso escolar.
2. Elaborar, nos próximos 6 meses, un Plan de coidado e conciliación Compostela Coidadora que incida no recoñecemento e socialización da responsabilidade do coidado coas medidas e recurso necesarios, para o que se solicitará a colaboración da Xunta de Galicia, e outras administracións, así como doutras institucións e axentes socioeconómicos, particularmente do tecido empresarial.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular relativa a explorar as posibilidades de que a cidade de Santiago sexa incluída no percorrido da volta ciclista, a que presentou emenda CA que non foi aceptada, e tras votación nominal o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a que se exploren as posibilidades de que en Santiago de Compostela se celebre a xornada de descanso prevista para o día 2 de novembro de 2020, entre as etapas 12 e 13, con remate no Alto de l'Angliru e no miradoiro do Ézaro, respectivamente, dentro do percorrido da Volta Ciclista a España que está previsto desenvolver entre o 20 de outubro e o 8 de novembro de 2020.

E en último lugar procédese a votación da moción conxunta presentada polos catros grupos políticos municipais, que substitúe a declaración institucional que figuraba na orde do día da sesión plenaria, para reclamar o IVE super reducido para o sector cultural, e o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda trasladarlle ao Goberno do Estado a necesidade de considerar a aplicación do IVE super reducido do 4% a produtos, eventos, contratacións e actividades culturais para favorecer a igualdade de dereitos na participación nesta actividade e o apoio a este sector profesional, sempre que tal consideración non exclúa, consonte a criterios de equidade, unha redución semellante do IVE noutros bens, servizos e sectores de actividade produtiva -entre eles, e destacadamente, os que teñen que ver coa protección fronte ao coronavirus.

O señor alcalde pecha a sesión cando son as 23:17 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández